

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE AGOSTO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de agosto de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as trece horas trinta minutos á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 8 de agosto de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE SUBMINISTRO DE “ADQUISICIÓN DE PUNTO LIMPO MÓBIL” (EXPEDIENTE NÚM. PAS-SU 1/2024)

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación do subministro de “ADQUISICIÓN DE PUNTO LIMPO MÓBIL”, na reunión celebrada o día 6 de agosto do corrente,

realizou por unanimidade proposta de adxudicación da licitación ao favor do único licitador presentado, unha vez admitida e avaliada a proposta presentada, en aplicación dos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas administrativas particulares, co seguinte resultado:

A/ Criterios avaliados automaticamente (ata 115 puntos)

LICITADOR	CIF	PREZO	PUNTOS	MMA	EFICIENCIA ENERXÉTICA	PRAZO ENTREGA	MELLORA	PUNTUACIÓN TOTAL
GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS S.L.	██████	100.100,00 €	10,00	40,00	10,00	27,00	15,00	102,00

B/ Resume da puntuación

LICITADOR	CIF	PUNTUACIÓN TOTAL
GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS S.L.	██████	102,00

2º.- O licitador proposto Grúas y Autoventas Betanzos S.L. foi requirido para a presentación da documentación preceptiva establecido nas cláusulas 15ª e 16ª do prego (RS-E núm. 327, do 06/08/24).

3º.- Con datas 12 e 13 de agosto do corrente (RE-E núm. 459, 461 e 468), dita sociedade presenta no Concello a seguinte documentación:

- ✓ Certificados de estar ao corrente coas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria, ATRIGA e Seguridade Social.
- ✓ Acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica, a través dos medios establecidos nos artigos 87.3 a) e 89.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- ✓ Garantía definitiva por importe de CATRO MIL CENTO TRINTA E SEIS EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (4.136,37 €), mediante aval da entidade BANCO SANTANDER S.A., estendido en data 12 de agosto de 2024 (Rexistro núm. ████████████████████).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 150.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP) dispón literalmente: “O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación (...)”.

Segundo.- O artigo 151 do mesmo texto legal dispón que a resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de quince días.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido na cláusula 18ª do prego de cláusulas administrativas particulares, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar o contrato para a adquisición do subministro denominado “ADQUISICIÓN DE PUNTO LIMPO MÓBIL” a favor do seguinte licitador:

LICITADOR: GRÚAS Y AUTOVENTAS BETANZOS S.L.

CIF: ██████████

INSCRICIÓN NO RXC DE GALICIA: NON

INSCRICIÓN NO ROLECE: SI

IMPORTE DA AXDUDICACIÓN SEN IVE: 82.727,27 €

IVE: 17.372,73 €

IMPORTE DA ADXUDICACIÓN CON IVE: Cen mil cen euros (100.100,00 €)

MOTIVACIÓN DA ADXUDICACIÓN: Única proposición admitida.

Segundo.- A sociedade adxudicataria queda suxeita ao cumprimento íntegro das obrigas establecidas nos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares que regulan a presente licitación, así como á realización efectiva da mellora ofertada.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario e publicalo no perfil do contratante do Concello.

Cuarto.- A formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes á notificación do presente acordo ao adxudicatario.

3.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2024

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da resolución de data 26 de xullo de 2024 do director territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en Vigo (RE núm. 1230, do 29/07/24) pola que se concede a este Concello unha subvención por importe de 15.875,64 € para a contratación dun posto de traballo de peón forestal, a tempo completo e durante un período de nove meses, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24/01/24).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar oferta xenérica de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia para a provisión do posto de traballo subvencionado.

Segundo.- Aplicar integramente á presente convocatoria as bases e baremo aprobadas por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 30 de abril de 2024.

Terceiro.- Asemade, o Tribunal cualificador do proceso selectivo será o mesmo que foi designado, para un posto de traballo de idéntica natureza, por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 5 de xuño do corrente.

4.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”

O Sr. alcalde informa que por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 21 de febreiro de 2024, foi aprobado o proxecto técnico da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Leticia Diéguez Alonso, con data febreiro de 2024, cun importe de execución por contrata de CENTO TRECE MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (113.250,83 €), IVE incluído.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), por resolución de data 07/05/24, concedeu ao Concello unha subvención para dita obra por importe de 83.755,00 € en dúas anualidades (40.803,76 € no 2024 e 42.951,24 € no 2025), ao abeiro da Resolución do 19 de decembro de 2023 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) pola que se aproba o Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2024-2025, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural (PDR) 2014-2020, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 18, do 25/01/24) – expediente núm. [REDACTED].

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento e dos permisos e autorizacións sectoriais preceptivas para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na obriga que ten o Concello da prestación dos servizos de “*acceso aos núcleos de poboación*” e “*pavimentación das vías públicas*”, segundo o establecido no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), e da necesidade de cumprir o obxecto da subvención concedida para tal fin pola AGADER.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de

conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS EN ÁLCEME”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

5.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DE “HUMANIZACIÓN E MELLORA PEONIL DA RÚA B DE RODEIRO”, INCLUÍDA NO PROGRAMA PON2030

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 1 correspondente á obra de “Humanización e mellora peonil da rúa B de Rodeiro”, incluída no Programa PON2030, por importe de VINTE E TRES MIL CENTO DEZASETE EUROS CON VINTE E SETE CÉNTIMOS (23.117,27 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada polo director de obra Don Antonio Carro Núñez.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L., por un importe de 23.117,27 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 24/047 (FACe), de data 06/08/24, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

6.- TOMA DE RAZÓN DA TRANSMISIÓN DO DEREITO DE COBRO DE CONTRATISTA FRONTE AO CONCELLO

De conformidade co establecido no artigo 200 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda tomar coñecemento da transmisión do dereito de cobro notificada con data 12/08/24 (RE-E núm. 462), cos seguintes datos:

Cedente

SOCIEDADE: NATURE INFRAESTRUCTURAS Y SERVICIOS S.L.

CIF [REDACTED]

Cesionaria

SOCIEDADE: BORROX FINANCE S.L.

CIF [REDACTED]

Obxecto da cesión

NÚMERO DE FACTURA: 24/047 (FACe)

DATA DE EXPEDICIÓN: 06/08/24

IMPORTE: Vinte e tres mil cento dezasete euros con vinte e sete céntimos (23.117,27 €), IVE incluído.

CONCEPTO: Certificación núm. 1 da obra de "Humanización e mellora peonil da rúa B de Rodeiro".

7.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE ARNEGO

VISTO o escrito presentado por Don José Andrés Hermida Bernárdez, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Cuñarro do Cabo, parroquia de Arnego (RE núm. 1290, do 08/08/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de Santiago de Arnego celebradas os pasados días 25 e 26 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co

previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

8.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE RIOBÓ

VISTO o escrito presentado por Dona Tania Albor Deza, con DNI núm. [REDACTED], veciña do lugar de Aldea de Baixo, parroquia de Riobó (RE núm. 1275, do 06/08/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Miguel de Riobó celebradas o pasado día 20 de xullo do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

9.- CONCESIÓN DE AXUDA ECONÓMICA A FESTA PATRONAL DA PARROQUIA DE SAN PAIO DE SENRA

VISTO o escrito presentado por Don Pablo Cuñarro Fernández, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de San Paio, parroquia de San Paio de Senra (RE núm. 1299, do 09/08/24), polo que solicita unha axuda económica do Concello para as festas patronais da parroquia de San Paio de Senra celebradas os pasados días 3 e 4 de agosto do corrente. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle unha axuda económica por importe de TRESCENTOS SESENTA EUROS (360,00 €), de conformidade co previsto na Base de execución 10ª do orzamento xeral do exercicio de 2017, prorrogado a esta data para o exercicio corrente.

10.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 70,00 €
Por subministro de ramos de flores para actos protocolarios, s/factura núm. A/195.
- SERTECO-OR S.L. 1.142,55 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 24A/1092 e 24A/1093 (FACe).
- ASOCIACIÓN DE MUNICIPIOS DEL CAMINO DE INVIERNO A SANTIAGO 1.000,00 €
Por cota anual de pertenza á Asociación, s/factura núm. 18 (FACe).
- PROMOVE XESTIÓN TÉCNICA SLP 871,20 €
Por traballos de contestación a requirimento de subvención para o investimento denominado “*Rehabilitación enerxética da envolvente térmica da Casa do Concello*”, s/factura núm. PXT 24-049 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 501,85 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 1002.
- MARÍA ELENA JORGE MATO 75,92 €
Por gastos de desprazamentos para o Concello, s/minuta.
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.427,40 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de xullo de 2024, s/factura núm. A/120 (FACe).
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 183,80 €
Por subministro de calzado de traballo para auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF), s/factura núm. A2406.
- GEMAGAR GALICIA S.L. 600,00 €
Por desenvolvemento do programa “*Concilia Semana Santa 2024*”, s/factura núm. 0024/0000022 (FACe).

- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 1.312,63 €
Por subministro de plantas e flores para xardíns e rúas municipais, s/factura núm. A/194.
- FERRODEIRO S.L. 523,54 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001783.
- LINCOLD IBÉRICA S.L. 309,28 €
Por traballos de reparación de bomba do abastecemento de auga, s/factura núm. FV/00003115 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.420,52 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo no mes de xullo de 2024, s/factura núm. FA – 1476.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.735,32 €, 176,66 €, 3.640,20 €, 754,53 € E 4.149,21 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2024, s/facturas núm. 2024/0288, 2024/0459, 2024/0688, 2024/0618 e 2024/0943 (FACe).
- LAURA MOURE MIGUÉLEZ 363,00 €
Por publicidade do Concello no diario dixital “Ecos da Comarca” por mor da iniciativa “Rodeiro de tapas 2024”, s/factura núm. 85.
- MINAS DE BANDEIRA S.A. 629,01 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 0499.24 (FACe).
- GRANITOS DEZA S.L. 593,29 € E 186,00 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/facturas núm. 68/2024 e 136/2024.
- AGROFORESTAL XANEIRO S.L. 471,90 €
Por traballos de rego na pista de Lamas, s/factura núm. S-20240112.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)